



CONCELLERÍA DE CULTURA

Rúa da Canle 2  
32004 - OURENSE

Tel: 988 391 290

A CONCELLARÍA DE CULTURA DO EXCMO. CONCELLO DE OURENSE  
convoca o  
XXXII PREMIO DE POESÍA "CIDADE DE OURENSE"  
de acordo coas seguintes BASES

- 1.º- Poderán participar todas as persoas que o desexen calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que as súas obras se presenten en galego ou portugués.
- 2.º- Non poderán presentarse os/as gañadores/as das cinco edicións anteriores a esta convocatoria.
- 2.º- Os traballos que se presenten terán que ser orixinais e inéditos, cun mínimo de SEISCENTOS VERSOS. Presentaranse mecanografados e a dobre espazo en follas tamaño folio, en exemplar sextuplicado, debidamente grampados, cosidos ou encadernados.
- 3.º- Outorgarase un único premio dotado de **SEIS MIL EUROS**, e a publicación de 150 exemplares do libro.  
O importe do premio concederase con cargo á aplicación orzamentaria 200 3340 48951 do orzamento do Concello de Ourense prorrogado para o exercicio 2016.
- 4.º- As obras deberán presentarse baixo lema, indicando "PARA O XXXII PREMIO DE POESÍA CIDADE DE OURENSE". Nun sobre anexo, pechado e co mesmo lema figurarán o nome, apelidos, n.º de carné de identidade e enderezo do autor ou autora, o seu teléfono e o enderezo electrónico.
- 5.º- O Xurado cualificador será nomeado pola Concellaría de Cultura, estará integrado por personalidades das letras galegas e portuguesas, a persoa gañadora do ano anterior e un representante da Corporación. A súa decisión será inapelable e terá lugar ao redor do primeiro sábado do mes de xuño.
- 6.º- O Excmo. Concello de Ourense, considera a contía do premio en concepto de adianto polos dereitos de autoría e resérvase o dereito de publicación da primeira edición en papel da obra gañadora.  
O/A beneficiario/a do premio recibirá gratuitamente 25 exemplares da obra publicada e ademais formará parte do xurado na seguinte edición.
- 7.º- **O prazo improrrogable de presentación rematará ás 14 horas do 22 de abril de 2016.** A entrega farase no Rexistro do Excmo. Concello de Ourense (Praza Maior, s/n), directamente ou por correo certificado, facendo constar no sobre "PARA O XXXII CONCURSO DE POESÍA CIDADE DE OURENSE". Os concursantes portugueses poderán facer entrega dos seus traballos na Cámara Municipal de Vila Real (Portugal) dentro dos mesmos prazos.
- 8.º- O premio poderá ser declarado deserto se, a xuízo do Xurado, os traballos presentados non reúnen suficientes méritos ou non se axustan ás condicións establecidas na convocatoria.
- 9.º- Os traballos non premiados deberán ser retirados no prazo dun mes desde o día do veredicto. En caso de non se recolleren dentro deste prazo, os orixinais serán destruídos.
- 10.º- O feito de participar neste Concurso implica a total aceptación e conformidade das presentes Bases. Todas as incidencias non previstas nestas Bases serán resoltas pola Concellaría de Cultura ou polo Xurado cando este quede constituído.

Ourense, xaneiro 2016